

# Xunta de Facultade Extraordinaria

Vogais da Asemblea de Física

Venres, 11 de Marzal do 2005

## 1. Punto único da orde do día: P.D.A.

Os Vogais da Asemblea de Física (VAF), no nome dos alumnos da Facultade reunidos en Asemblea, fan constar que no debate entre o mantemento de dous grupos de estudantes con horarios separados de mañá e tarde, ou a aplicación estricta do regulamento usado polo Reitorado — e polo tanto a fusión dos dous grupos nun — apoian a primeira opción (dous grupos), engadindo ademais as seguintes demandas:

1. Que o temario dos dous grupos sexa idéntico.
2. Que os exames sexan asemade idénticos prós dous grupos.
3. Que os alumnos teñan plena mobilidade pra escolle-lo grupo de clases (mañá ou tarde) ás que queren asistir, e o profesor que lles vaia correxi-lo exame, sen requerimento algun de xustificantes ou explicacións.

Entendemos dende a Asemblea que a necesaria liberdade de cátedra dos profesores non pode ser obstáculo para o normal desenvolvemento das actividades docentes, nen ir en detrimento duns alumnos fronte doutros. Por este motivo, pedimos colaboración e acordo entre os docentes dunha mesma materia á hora de cumprir os puntos indicados.

*Vogais da Asemblea de Física,  
Compostela, a venres 11 de Marzal do 2005.*